

CURSO






Metodoloxía do Marco Lóxico nos proxectos sociais



Indice

0.	INFORMACIÓN DO CURSO.....	1
1.	FUNDAMENTACIÓN.....	1
2.	OBXECTIVOS.....	2
3.	CONTIDO.....	2
4.	DESTINATARIAS.....	2
5.	METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	3
6.	CALENDARIO/PLANIFICACIÓN.....	3
7.	AVALIACIÓN.....	3
8.	EQUIPO DOCENTE.....	3
9.	REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....	4

0. INFORMACIÓN DO CURSO

 Duración	50 horas
 Lugar	En liña –Plataforma Moodle
 Datas	Do 1 de febreiro ao 26 de marzo de 2021
 Horario	NA
 Prezo	Persoas colexiadas: 55€ Persoas non colexiadas: 75€

NOTA: A renuncia ás prazas adjudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comezo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

1. FUNDAMENTACIÓN

A Metodoloxía do Marco Lóxico (MML) é unha das ferramentas máis utilizadas polas organizacións nacionais e internacionais para o deseño, execución e avaliación dos proxectos sociais. Céntrase no cumprimento dos obxectivos, tendo en conta a análise do problema, análise dos involucrados, xerarquía de obxectivos e selección dunha estratexia de implementación óptima (CEPAL, 2015). O resultado desta metodoloxía analítica é a Matriz (o marco lóxico), que sintetiza e permite ao Traballador/a Social apreciar máis claramente as finalidades do proxecto, o medio apropiado para alcanzalas e os aspectos que debe ter en conta no monitoreo e avaliación.

Neste sentido, o propósito deste curso é continuar fortalecendo as capacidades técnicas das/os traballadores sociais no deseño e implementación dos proxectos, pois é de vital importancia ter competencias nas MML que actualmente veñen traballando non só as organizacións de cooperación para o desenvolvemento, senón cada día máis entidades gobernamentais.

2. OBXECTIVOS

- Brindar ferramentas conceptuais sobre a elaboración de proxectos sociais a través da Metodoloxía de Marco Lóxico.
- Presentar os compoñentes da matriz do marco lóxico no desenvolvemento dos proxectos sociais.

3. CONTIDOS

- Modulo 1: Introducción e presentación do curso.
 - 1.1 Obxectivos do curso.
 - 1.2 Antecedentes sobre a Metodoloxía do Marco Lóxico.
 - 1.3 Características principais sobre a MML: conceptos básicos e fases .
- Modulo 2: Fase de Identificación do problema e alternativas de solución segundo MML.
 - 2.1. Análise dos Involucrados.
 - 2.2. Análise de Problemas.
 - 2.3. Análise de Obxectivos.
 - 2.4. Análise de Alternativas.
- Modulo 3: Fase de Planificación: construción de Matriz de Marco lóxico.
 - 3.1 Resumo narrativo de obxectivos.
 - 3.2 Indicadores.
 - 3.3 Medios de verificación.
 - 3.4 Supostos.
- Modulo 4: Actividade práctica: construíndo un proxecto social coa metodoloxía do ML.
 - 4.1. Pauta a seguir.
 - 4.2. Recursos de apoio.

2

4. PERSOAS DESTINATARIAS

Profesionais do traballo social e persoas colexiadas e precolexiadas con interese nesta área de coñecemento.

5. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

Este curso realizarase a través da plataforma de teleformación de Moodle do COTSG. Os/as participantes atoparán os contidos de cada módulo que se desenvolverán con lecturas de apoio e casos prácticos que posibilitarán reflexionar sobre o aprendido en cada un deles. No último módulo, o alumnado deberá construír un borrador de proposta de proxecto social usando as aprendizaxes objetivas coa Metodoloxía do Marco Lóxico.

6. CALENDARIO/PLANIFICACIÓN

A duración do curso é de 50 horas. Desenvolverase entre o 1 de febreiro e o 26 de marzo de 2021 .

7. EVALUACIÓN

A avaliación realizarseá durante todo o curso. No tres primeiros módulos as/vos participantes realizarán o respectivos test, que valorarán as aprendizaxes obtidas e no último módulo o alumnado deberá entregar a proposta dun proxecto social coa MML. Esta proposta será tutorizada pola docente e será indispensable que o alumnado a entregue para para superar o curso.

3

8. EQUIPO DOCENTE



Diana Morela Escobar Arias. Col. 3769

Graduada en Traballo Social pola Universidad del Valle, Colombia. Realizou estudos de Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario na Universidade Santiago de Compostela.

Durante o seu tempo en Universidad del Valle, participou como monitora de cursos de formación na Escola de Traballo Social e o Instituto de Educación e Pedagogía, destacando a súa participación no proxecto "Capacitando a 70 docentes de diferentes institucións educativas da cidade de Cali en Ferramentas para o enfoque psicosocial con nenos vítimas de desprazamento forzado". En 2013-2015 traballou como profesional de desenvolvemento social

na organización non governamental World Vision International, deseñando e implementando programas de desenvolvemento comunitario con nenos e mulleres vulnerables en Colombia.

Desde 2018, forma parte do Programa Pasaporte á Ciencia do Ministerio de Educación de Colombia e é investigadora dun dos grupos de referencia competitiva de España, SEPA-Interea grupo de investigación de Pedagogía Social e Educación Ambiental recoñecido pola Xunta de Galicia (desde 2006) como Grupo de Referencia Competitivo no Sistema Universitario Galego.

No último ano destácanse dúas estancias de investigación a nivel internacional, unha no Instituto Politécnico do Porto, Portugal e outra en Institute of Feminist and Gender Studies University of Ottawa, Canadá.

Actualmente é docente e investigadora finalizando a súa tese doutoral no programa de doutoramento en educación da Universidade Santiago de Compostela. As súas liñas de investigación son pedagogía social, estudos de xénero, educación e desenvolvemento comunitario. Tamén colabora en actividades de inclusión social co "Foro de Migración de Galicia" realizando talleres de empoderamiento para mulleres en Santiago de Compostela, España.

9. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CEPAL (2015). Metodoloxía do marco lóxico para a planificación, o seguimento e a avaliación de proxectos e programas. Serie Manuais. ISSN 1680-886X

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA



981 568 100



Rúa Dublín, 6
15707 Santiago de Compostela | A Coruña



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia